



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. R/S/C61/15

ANUNCIO

Asto.: Ampliación do prazo de xustificación da subvención concedida pola Consellería de Economía e Industria de 21.7.2015 (RE núm. 5770/15 de 23.07.2015) por mor da Orde da Consellería de Economía e Industria de 16.9.2015 (DOG núm. 182 de 23.9.2015) relativo ao procedemento do contrato menor da obra "EXECUCION DE ESPAZO EXTERIOR PARA MERCADO TRADICIONAL" para a venda de excedentes da horta no entorno da praza de abastos.

1º.- No DOG Núm. 182 de 23.9.2015 publícase a Orde de 16 de setembro de 2015 da Consellería de Economía e Industria (DOG. Núm. 182 de 23.9.2015) pola que se amplia o prazo de xustificación das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (código de procedemento IN223A) .

Na citada orde se modifica o primeiro parágrafo do artigo 18.1 do anexo I da Orde de 31 de decembro de 2014 (DOG núm. 15 de 23.1.2015) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das citadas subvencións, que queda redactado no seguintes termos:

"1. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario deberá presentar, na respectiva xefatura territorial a seguinte documentación, en orixinal ou copia compulsada e ten de prazo para presentala ata o 16 de novembro de 2015(...)"

2º Consonte o anterior, o apartado relativo á "OBRIGA ESPECÍFICA VINCULADA AO PRAZO DE EXECUCION DA OBRA" contido no epígrafe III.3 do CADRO DE CARACTERÍSTICAS da devandita obra aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 865/2015 de 17.9.2015 queda modificado, por mor da Orde de 16 de setembro de 2015 sinalada no parágrafo anterior, do seguinte xeito (sinalase en negrita e cursiva a modificación operada pola Orde de 16 de setembro de 2015 da Consellería de Economía e Industria).

III.3 DURACION.

PRAZO DE EXECUCION: Tres (03) semanas

OBRIGA ESPECÍFICA AO PRAZO DE EXECUCION DA OBRA: En todo caso a duración do contrato queda determinado polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Consellería de Economía e Industria de 21.7.2015 (RE núm. 5770/15 de 23.07.2015) ao abeiro da Orde de 31.12.2014 da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia (DOG núm 15 de 23.1.2015) rectificada mediante corrección de erros publicada no DOG. Núm.19 de 29.1.2015 que ***remata o vindeiro 16 de novembro de 2015 nos termos sinalados na Orde de 16 de setembro de 2015 da Consellería de Economía e Industria (DOG. Núm. 182 de 23.9.2015) pola que se amplia o prazo de xustificación das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (código de procedemento IN223A)***

Bueu, 23 de setembro de 2015

O Alcalde

Félix Juncal Novas